Esta Secretaría Xeral Técnica de acordo co artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, e en relación co **Anteproxecto de lei *de creación dos Colexios provinciais de Economistas por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia*** emite o seguinte:

INFORME

1.- Obxecto e consideracións normativas.

O obxecto deste anteproxecto de lei é crear os seguintes colexios con ámbito territorial provincial mediante fusión das organizacións colexiais profesionais de economistas e de titulares mercantís da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Colexio de Economistas da Coruña, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís da Coruña e do Colexio de Economistas da Coruña
- Colexio de Economistas de Lugo, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Lugo e do Colexio de Economistas de Lugo
- Colexio de Economistas de Ourense, por fusión do Colexio de Titulares Mercantís de Ourense e do Colexio de Economistas de Ourense
- Colexio de Economistas de Pontevedra, por fusión dos Colexios de Titulares Mercantís de Vigo, Colexio de Titulares Mercantís de Pontevedra e Colexio de Economistas de Pontevedra

Os Colexios resultantes da fusión, como corporacións de dereito público, terán personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins con arranxo á lei, e exercerán as súas funcións dentro do ámbito territorial de cada unha das provincias correspondente á súa denominación.

2.- Competencia

Mediante Lei Orgánica 16/1965, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, transferíronse as competencias de desenvolvemento lexislativo e execución, no marco da lexislación básica do Estado, en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Por Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo traspásase á comunidade autónoma galega as funcións da Administración do Estado en materia de colexios oficiais e profesionais con ámbito territorial dentro do territorio da Comunidade.

No exercicio desa competencia o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 14 regula a fusión de colexios profesionais nos seguintes termos: A constitución dun novo colexio profesional por fusión de dous ou mais colexios correspondentes a distintas profesións ou actividades profesionais, aprobarase por Lei da Comunidade Autónoma de Galicia a proposta dos colexios afectados, de acordo co establecido nos respectivos estatutos, previo informe dos consellos galegos respectivos, se estivesen constituídos.

De conformidade co disposto no Real decreto 871/1977, do 26 de abril, polo que se aproba o Estatuto Profesional de Economistas e de Profesores e Peritos Mercantís, as funcións profesionais dos Economistas e dos Profesores e Peritos Mercantís constitúen actividades profesionais diferenciadas.

A Lei 30/2011, de 4 de outubro, sobre creación do Consello Xeral de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e de titulares mercantís) aprobou a unificación dos consellos xerais das ditas organizacións colexiais, establece no artigo 3 que os procesos de unificación dos Consellos e Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas promoverán a súa unificación ante a Comunidade Autónoma correspondente, de conformidade co previsto na normativa autonómica aplicable.

3.- Informes e trámites preceptivos

O procedemento de elaboración do presente anteproxecto, axustouse ao disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o borrador do anteproxecto estivo exposto na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día 21 de decembro de 2015, para os efectos de que os cidadáns puideran presentar suxestións.

No Diario Oficial de Galicia do día 23 de decembro de 2015 publicouse o ANUNCIO do 16 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto da Lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo con data 18 de decembro de 2015 o citado anteproxecto de lei foi remitido para alegacións ás distintas consellerías da Xunta de Galicia e á Secretaria Xeral da Presidencia así como aos Colexios Oficiais de titulares mercantís da Coruña, de Lugo, de Ourense, de Pontevedra e de Vigo así como aos Colexios Oficiais de Economistas de A Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 28 de xaneiro de 2016, informes á Secretaría Xeral de Igualdade, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, ao Consejo General de Economistas e ao Consello Galego de Colexios de Economistas.

Con data 8 de febreiro de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emite informe no que se realizan recomendacións de cara a evitar o uso dunha linguaxe sexista así como á composición equilibrada da Comisión Xestora prevista na disposición transitoria primeira do anteproxecto de decreto.

Con data 2 de febreiro de 2016 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emite informe favorable ao adaptarse o anteproxecto de lei sometido a informe ás dispoñibilidades orzamentarias.

Con data do 11 de febreiro de 2016 , o Consejo General de Economistas emite informe dando a súa conformidade ao texto do anteproxecto de lei de referencia.

Con data 11 de febreiro de 2016 o Consello Galego de Colexios de Economistas emite informe favorable se ben solicita a corrección dun erro existente no nome do colexio.

Recibíronse as alegacións formuladas ao anteproxecto de lei polas seguintes entidades: Colexio Oficial de Economistas da Coruña, Colexio Oficial de Economistas de Lugo, Colexio Oficial de Economistas de Ourense, Colexio Oficial de Titulados Mercatís da Coruña, Colexio Oficial de Titulados Mercatís de Pontevedra, Colexio Oficial de Titulados Mercatís de Ourense e Colexio Oficial de Titulados Mercatís de Vigo.

Unha vez vistas e analizadas as alegacións recibidas dende o Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas emítese informe sobre as mesmas no que se sinala que tales alegacións non poden ser aceptadas á vista da resposta dada pola Axencia Tributaria de Galicia á consulta plantexada sobre a posibilidade de que por este proxecto legal se regulen exencións fiscais respecto dos tributos autonómicos que graven as operacións derivadas do proceso de fusión. A ATRIGA informa que a Comunidade Autónoma non ten atribuídas competencias normativas en materia tributaria, polo que a petición de regulación de exencións na norma obxecto de tramitación non poden ser admitidas.

Finalmente, e de conformidade co Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e do Decreto 111/1984, do 25 de maio, a Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe favorable sobre o anteproxecto de lei.

4.- Legalidade

En cumprimento do disposto no art. 5 da Lei 6/1995, de 28 de xuño polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia o anteproxecto someterase ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia previo o estudo da norma en Comisión de Secretarios e seguidamente a súa aprobación polo Consello da Xunta para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Económico e Social.

De acordo co indicado considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

PROPOSTA:

Informar favorablemente este anteproxecto de lei conforme a súa legalidade.

O subdirector de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

A secretaria xeral técnica logo de ver a proposta do subdirector de Réxime Xurídico desta Consellería, considera que o anteproxecto de lei sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2016
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja